

Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario



Os deportistas deberán desprazarse co seu equipo individual para progresión horizontal e vertical, así como co material colectivo necesario para acceder ás covas que desexen visitar durante o Campamento.

A pernocta realizarase no camping "O Acampamento", sito en Seoane do Courel.

A organización xestionou a pernocta en tenda. Os deportistas deberán vir provistos de tenda e do material de acampada necesario. Outro tipo de aloxamento deberá ser contratado directamente polos interesados.

Localización



O Acampamento O Caurel / Serra do Courel.
Esperante s/n C.P. Folgoso do Courel. Lugo
Coordenadas UTM:

PH52 / Latitud : 42 38 | Longitud : -7 08

Reservas alleas ao Campamento: 982 433101

Colaboran:



Organizan:



Federación
Galega de
Espeleoloxía



20^{GGV} Campamento
Galego de
Veteranos

WED-2017: Día Mundial do Medio Ambiente 2017
"Conectando as persoas coa Natureza"

Seoane do Courel, 3 e 4 de xuño de 2017


Fotografía: Galicia Alta - Pena Pereira, M. Vaqueriro 2013.

II CAMPAMENTO GALEGO DE VETERANOS EN ESPELEOLOXÍA

Celebraremos o II CAMPAMENTO GALEGO DE VETERANOS EN ESPELEOLOXÍA nas covas da Serra do Courel os vindeiros 3-4 de xuño de 2017, fin de semana ao WED-2017 (*Día Mundial do Medioambiente*), polo que queremos aproveitar iste campamento enfocado á convivencia dos máis veteranos do noso colectivo, para promover unha vez máis o coñecemento e a posta en valor do noso medio natural baixoterreño, e promocionar ó mesmo tempo unha espeleoloxía cada vez máis responsable: Moitos de nos, polos anos que levamos neste, temos visto como han evoluído e como se degradaron moitas covas ao longo do tempo, e como han afectado ás mesmas as diferentes técnicas e equipos, os accidentes e mesmo o negocio do deporte-aventura. Logo dende a experiencia compre facer memoria en prol da conservación das covas.

O noso clube pecha iste ano ademáis o proxecto desenvolto na zona de traballo G/LU-17, no corazón da Devesa de Rogueiras, e queremos aproveitar o acampamento para brindarvos acceso a unha nova zona de covas, compartido os resultados destes anos de traballo, exploración e topografía.

Tamén, como ven sendo habitual, dentro das actividades do acampamento celebrárase coa solemnidade que corresponde, a VI GALA DA ESPELEOLOXÍA GALEGA facendo entrega de galardóns a clubes e deportistas nomeados previamente e que cumpriron 25 anos de actividade federada.



"Conectando ás persoas coa natureza"
O *Día Mundial del Medio Ambiente 2017* convidáanos a saír ó aire libre e adentrarmos na natureza, apreciar a súa beleza e a súa importancia, e asumir o compromiso de colaborar para protexer a Terra que compartimos. Quérese promover neste día o valor da natureza, a visita ós parques e áreas protexidas, e o achegamento ao medio.

Organiza este campamento o Club de Espeleoloxía A Trapa (CETRA) en nome da Federación Galega de Espeleoloxía.

Programa de actividade

Venres

20:00 a 21:00 - Recepción de participantes 20:00 horas

Sábado:

08:00 a 09:00 - Almorzo (a cargo da organización) pros que pernocten o venres.

09:00 a 10:00 - Recepción de participantes.

10:00 a 17:00 - Actividade espeleolóxica.

Na G/LU-17: Longo de Meu, Covas do Oso, Tarelo, Choias de Moreda, Cova de Vello, Pena Paleira *), Castro de Parada.

Outras covas: Eixe I e II, A Tara da Triega.

18:00 a 21:00 - Exposición topográfica: *"Del plano al 3D"*

18:00 a 21:00 - Conferencia: *"Os grandes hitos científicos e deportivos das covas galegas"*

21:00 a 23:00 - Cea de confraternidade (a cargo dos asistentes)

23:00 a 23:30 - VI Gala da Espeleoloxía Galega

Domingo:

08:00 a 09:00 - Almorzo (a cargo da organización).

09:00 a 13:00 - Actividade espeleolóxica e cultural:

- Roteiro I: *"Minas de ferro da Idade Media en Ferreiros"*

- Roteiro II: *"Covas en cuarcitas (sílica-karst) na Serra de O Courel"*

- Roteiro III: *"O karst fósil de Val das Mouras"*

13:00 a 13:30 - Clausura do campamento

(*) O noso clube guiará un grupo para facilitar o achegamento á ista cavidade. Requírense unhas 2 h de ascensión por Rogueiras para chegar á cova.

II CAMPAMENTO GALEGO DE VETERANOS EN ESPELEOLOXÍA

Datas e lugar de realización: Seoane do Courel (Lugo), 3 e 4 de xuño de 2017

Data límite de inscrición no Campamento: 15 de maio de 2017.

Para poder participar como espeleólogo veterano é imprescindible ser maior de 40 anos e ter estado **federado polo menos, durante seis anos**, así como estar en posesión dá licenza anual do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por ésta. Pola caracterización do colectivo ao que vai dirixido iste campamento, e o risco asociado ás cavidades, **non son válidas licencias de 3 ou 30 días**.

Os veteranos que teñan previsto facer espeleoloxía virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo. E dependendo do tipo de aloxamento polo que opten, deberán vir equipados co material de acampada necesario para a súa pernocta.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes e só tramitará os permisos dos inscritos en prazo, para poder acceder ás cavidades nas zonas protexidas da Rede Natura. Calquera situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Podes inscribirte por remitíndonos un correo sinalando nome, apelidos, DNI, tipode licencia e clube ao que pertences. Data límite 14 de maio de 2017.

Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)





Teléfono : 986 231 876 (entre 19:00 e 21:00 horas)

Correo electrónico: cetra@cetra.es

Páxina Web: www.cetra.es



A maior das covas estudadas na zona de traballo G/Lu-17 é Pena Paleira, descuberta o 11 de setembro de 2001 polo noso compañeiro Orlando, veciño de Ferreirós. A día de hoxe topografiáronse perto de 500 m de cova, acadando os -88 m de profundidade, si ben quedan inda varios tramos e pozos de cova por topografiar e equipar. A inestabilidade de varias zonas da cova e o nivel de risco de colapso limitaron a continuidade e exploración da cavidade.



Ademáis dos traballos na coava de Pena Paleira, topografiáronse e actualizáronse as cartografías e modelos 3D doutras covas (dentro e fora da zona de traballo) como O Tarelo, Eixe, A Tara da Triega, Castro Parada, Sumio do Chan do Lindeiro, etc.

Alén do carst, o Courel ofrécenos ademáis minas de ferro, covas en cuarcitas e outros tesouros que compre coñecer, protexer e visitar.